

**DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E
INNOVACIÓN**

Edificios Administrativos, San Caetano s/n - 15781 Santiago de Compostela

**Asunto: DENUNCIA DEFECTOS DE TRAMITACIÓN no expediente do proxecto do
parque eólico Monte Peón, emprazado no concello de A Lama, provincia de Pontevedra
(expediente IN408A 2018/04).**

Don/Dona: _____ **con DNI** _____

con enderezo en: _____

Fago as seguintes alegacións:

PRIMEIRA - Defecto de forma na tramitación da DIA.

Atendendo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Artigo 4. Concepto de interesado). **Tendo como base de datos os que figuran na RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2020, da Xefatura Territorial de Pontevedra, do proxecto do parque eólico Monte Peón:**

Segun a cartografía oficial e as coordenadas da Poligonal de delimitación, comprobouse que dita poligonal colle a moitos particulares na parroquia de Antas, que pasarían a ser **persoas interesadas**. No caso concreto da CMVMC de Antas, o aeroxerador marcado no proxecto como MP-03 cae totalmente dentro do terreo da comunidade.

Todas estas persoas interesadas **nunca foron informadas do proxecto antes de levar a público**. Incumplindo a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (Artigos 9, 19, 22, 28, 30, 33, 34, 37, 44 e 46).

SEGUNDA - Imposibilidade de acceder a posta ó público do proxecto mediante o taboleiro do concello.

A única referencia de unha exposición pública do proxecto do parque eólico "Monte Peón" no concello de A Lama que podemos atopar e dun documento do 13 de xaneiro do 2021. No que podemos leer que foi exposto do 16 de novembro de 2020 ata o 30 de decembro do 2020, ambos dous días incluídos.

O Goberno aprobou o 25 de outubro de 2020 declarar o **estado de alarma** en todo o territorio nacional para conter a propagación de infeccións causadas polo SARSCoV-2, inicialmente ata o día 9 de novembro do 2020, pero foi prorrogado ata o día 9 de maio de 2021. Nesas datas todos os cidadáns tiñamos **restrinxidas as liberdades de movemento**.

TERCEIRA - Incumprimento proceso administrativo: imposibilidade de acceso ó anuncio vía electrónica.

O Concello da Lama, que ten condición de administración pública ten a obriga de cumprir a **Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no Artigo 16 podemos leer:** "O Rexistro Electrónico Xeral de cada Administración **funcionará como un portal que facilitará o acceso aos rexistros electrónicos** de cada organismo. "

Si entramos na sede electrónica do Concello de A Lama podese comprobar que durante esas datas non se publicou absolutamente nada (<https://concellodalama.sedelectronica.es>).

CUARTA - Imposibilidade total de acceder o anuncio vía electrónica.

Si entramos na páxina web do Concello (<https://concellodalama.com/>) tampouco atoparemos nada referente o proxecto de “Monte Peón”. Podemos ver como estaba a web do concello usando a ferramenta temporal de “Internet Archive”, o 27 de Novembro do 2020 tampouco atoparemos nada. (<https://web.archive.org/web/20201127135807/https://concellodalama.com/>)

Na rede social do Concello en Facebook (“Páxina oficial do Concello de A Lama de información xeral para a veciñanza, NON PARA INTERACTUAR.”) tampouco figura nada. (<https://www.facebook.com/people/Concello-da-Lama/100064404773638/>)

Polo tanto o Concello **non publicou nada de xeito electrónico cara a cidadanía**, sobre dito proxecto durante esas datas.

QUINTA - Non consecución do fin último que ten unha exposición pública

Facendo uso da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Artigo 48. Anulabilidade).

Si o fin último é **someter a información pública o estudo de impacto ambiental** e a solicitude de construción e aprobación do proxecto do parque eólico “Monte Peón”, a exposición por parte do concello da Lama dun anuncio físico no taboleiro no propio concello, non facilitando dita información mediante ningún outro mecanismo durante as datas do estado de alarma, **non se esta cumprindo**. Isto supón un grave erro na tramitación que xera indefensión das persoas interesadas.

SEXTA - FALTA DE TRANSPARENCIA, PARTICIPACIÓN PÚBLICA, E VULNERACIÓN DE DEREITOS EN MATERIA AMBIENTAL

A tramitación de todo o expediente non cumpre cas obrigas nin co espírito do Convenio de Aarhus e da Lei 27/2006 na que se regulan os dereitos de acceso á información, participación pública e de acceso a xustiza en materia de medio ambiente.

A mera publicación nun boletín, ou ubicar un papel nun taboleiro é totalmente insuficiente para dar a coñecer proxectos de tanto calado.

SOLICITO Ante o anteriormente exposto e facendo uso do dereito recollido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Artigo 53, punto e): A **formular alegacións**, utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a presentar documentos **en calquera fase do procedemento** anterior ao trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

Que se teña en conta as alegacións anteriormente expostas paralizano o proxecto do parque eólico ata que sexa reparada a posibilidade real de aportar alegacións ó estudo de impacto ambiental por parte de toda a cidadanía en xeral e especialmente da veciñanza que vive arredor do Monte Peón.

Asdo.-_____